

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN  
CURRICULAR.  
CURSO 2021/2022

CENTRO: CPR SALESIANOS A MERCÉ  
DATA: 04/04/2022

[Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.](#)

## ÍNDICE

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.
2. Criterios do outorgamento de matriculas de honra (ESO)
3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.
4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.

ANEXO I. Plan específico para alumnado repetidor na ESO.

ANEXO II. Plan de reforzo de materias pendentes na ESO.

ANEXO III. Informe de avaliación individualizado para o alumnado da ESO con partes da materia sen superar trala 3ª avaliación parcial.

## 1. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

### 1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes.

- As materias pendentes de cursos anteriores entran no cómputo de materias non superadas e responderán aos mesmos criterios que os establecidos para a promoción e a titulación.
- Quen promociione sen superar tódalas materias seguirá un *Plan de reforzo das materias pendentes* (Anexo II).
- O Plan de reforzo de materias pendentes será elaborado polo docente que imparte dita materia no curso correspondente e recollerá os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel de desempeño necesario.
- O seguimento e adaptación, se procede, do Plan de reforzo de materias pendentes realizarase trimestralmente. Na avaliación final determinarase a superación da materia pendente.

### 1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/ etapa (ESO).

- Promociónase con todo aprobado.
- Promocionará automaticamente quen teña avaliación negativa en 1 ou 2 materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas as do propio curso e as de cursos anteriores.
- Poderase decidir a promoción dunha alumna ou alumno con máis de 2 materias suspensas sempre que se cumpran **TODAS** as condicións seguintes:
  - Que a media aritmética da materias sexa igual ou superior a 5.
  - Que o Equipo Docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - Que o Equipo Docente teña expectativas favorables de recuperación.
  - Que o Equipo Docente estime que a promoción beneficiará a evolución académica do alumno/a.
- O alumnado que non promociione e teña que repetir seguirá un *Plan Específico Personalizado*, elaborado segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 (art.52), coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas (**Anexo I**).

### 1.3. Criterios de titulación (ESO).

- Ao finalizar 4ºESO, na sesión de avaliación final, o Equipo Docente decidirá de forma colexiada dita titulación.
  - Obterá o título de graduado en ESO quen supere tódalas materias.
  - O Equipo Docente poderá decidir que un alumno/a titula con algunha materia suspensa se se cumpren **TODAS** as condicións seguintes:
    - Que a media aritmética das materias sexa igual ou superior a 5.
    - Que o Equipo Docente considere que o alumno/a alcanzou os obxectivos da etapa.
    - Que o Equipo Docente considere que o alumno/a adquiriu as competencias establecidas.
- Pode titular o alumnado con AC que cumpra os requisitos anteriormente mencionados.

**1.4. Criterios de obtención do título de ESO para o alumnado de FPB.**

- A superación da totalidade dos módulos dun ciclo de FPB na avaliación final conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en ESO.

**2. CRITERIOS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA (ESO)****2.1. Criterios xerais**

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do 4º curso de ESO, obtiveran unha nota media igual ou superior a 9 puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.
- A devandita mención poderá concederse como máximo a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no 4º curso.
- Cando o total de alumnado matriculado no 4º curso de ESO sexa inferior a 20, poderá concederse 1 mención de matrícula de honra.

### 3. CRITERIOS XERAIS NA MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DO CURSO 2021-2022

#### 3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

- Quen promocióne sen superar tódalas materias seguirá un *Plan de reforzo das materias pendentes (Anexo II)*.
- O Plan de reforzo de materias pendentes será elaborado polo docente que imparte dita materia no curso correspondente e recollerá os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel de desempeño necesario.
- O seguimento e adaptación, se procede, do Plan de reforzo de materias pendentes realizarase trimestralmente baixo a supervisión das persoas titoras nas sesións de avaliación. Na avaliación final determinarase a superación da materia pendente.
- Os departamentos didácticos velarán polo cumprimento do establecido en cada Plan de reforzo que debe levar a cabo o alumnado.

#### 3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

- Haberá tres avaliacións parciais con boletín de notas informativo, máis unha avaliación final ao remate do curso, tamén con boletín de notas finais e na que se decidirá a cualificación definitiva das materias, así como a promoción e/ou titulación, por parte do equipo docente. Tódolos boletíns serán publicados na Plataforma Educamos.
- Entre as citadas avaliacións, realizarase un seguimento do alumnado especificando as necesidades detectadas e concretando propostas de mellora no rendemento académico, que se reflectirán nun documento informativo dirixido ás familias e ao alumnado que se publicará na Plataforma Educamos baixo a denominación de Avaliación complementaria.
- No período que vai da terceira avaliación parcial (6 de xuño) ata o último día lectivo (22 de xuño), as clases continúan para todo o alumnado para desenvolver actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Incluso para recuperación de pendentes.
- Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, cada docente realizará un breve Informe de Avaliación Individualizado (**Anexo III**), a modo de documento interno de centro, no que se recollerá a situación de cada alumna ou alumno e que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel aplicando os correspondentes criterios de avaliación.
- O alumnado que teña as materias aprobadas logo de realizada a terceira avaliación parcial, poderá ser avaliado de novo para mellorar a súa cualificación cando non obtiveran a máxima nota. Estas actividades serán avaliadas cos instrumentos de avaliación correspondentes que figuren na programación didáctica. Este alumnado poderá así mellorar a súa cualificación neste período, pero nunca empeoralala.

- A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso, conforme aos criterios de avaliación e cualificación recollidos na programación didáctica de cada materia.
- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

### **3.3. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.**

- Na avaliación parcial o profesorado elaborará un *Informe de avaliación individualizado* a partir do cal se deseñarán as actividades de recuperación (**Anexo III**). Este informe é un documento interno de centro.
- Nel recolleranse os criterios de avaliación e os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel de desempeño necesario e que terá que recuperar.
- A partir dese informe, cada docente elaborará as actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel de desempeño esixido aplicando os correspondentes criterios de avaliación. Cada docente deberá sinalar os elementos curriculares citados anteriormente que o alumno ou a alumna non acadou aínda.

### **3.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas.**

- Para a modificación das programacións didácticas, a realizar e facer pública, cada departamento fará unha Addenda tomando como base este documento, así como a Orde de 25 de xaneiro de 2022.

#### 4. APROBACIÓN E PUBLICIDADE

##### 4.1. Aprobación.

- A modificación da concreción curricular no curso 2021/2022 aprobouse en sesión extraordinaria de claustro o 04 de abril de 2022.

##### 4.2. Publicidade.

Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.

- Data publicidade na páxina web do centro: 02/05/2022.
- Datas información ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Educamos (Plataforma de comunicación coas familias): 02/05/2022.

## ANEXO I PLAN ESPECÍFICO PARA ALUMNADO REPETIDOR NA ESO

Modelo proposto polo CPR Salesianos A Mercé baseado na ORDE do 8 de setembro de 2021, art. 52.

### 1. Identificación da alumna ou do alumno.

Curso e grupo:	Ano académico:
Apelidos e nome:	

### 2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

### 3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

### 4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

### 5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

### 6. Medidas extraordinarias (de ser o caso).

### 7, Seguimento e avaliación.

### 8. Acreditación da información á familia.

Castrelo-Cambados, a      de      de 20

Nome e sinatura da persoa titora.



## ANEXO II PLAN DE REFORZO DE MATERIAS PENDENTES NA ESO

Modelo proposto polo CPR Salesianos A Mercé baseado na ORDE do 8 de setembro de 2021, art. 52.

### 1. Identificación da alumna ou do alumno.

Curso e grupo:	Ano académico:
Apelidos e nome:	
Materia:	

### 2. Información relevante sobre a materia sen superar (obxectivos e competencias).

--

### 3. Currículo a desenvolver. Criterios de avaliación.

--

### 4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

--

### 5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

--

### 6. Actividades e tarefas. Temporalización.

--

### 7, Seguimento e avaliación.

--

### 8. Acreditación da información á familia.

--

Castrelo-Cambados, a      de      de 20

Nome e sinatura do profesorado que imparte a materia e da persoa titora.

**ANEXO III**  
**INFORME DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADO PARA ALUMNADO ESO CON PARTES DA**  
**MATERIA SEN SUPERAR TRALA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL**

Modelo proposto polo CPR Salesianos A Mercé baseado na ORDE do 25 de xaneiro de 2022, art. 7.

1. Identificación da alumna ou do alumno.

Curso e grupo:	Ano académico:
Apelidos e nome:	
Materia:	

2. Obxectivos e competencias nas que o alumnado non acadou o nivel.

--

3. Currículo a recuperar. Criterios de avaliación.

--

4. Estratexias metodolóxicas e recursos que se empregarán.

--

5. Tarefas e actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel.

--

6. Seguimento e avaliación.

--

Castrelo-Cambados, a      de      de 20

Nome e sinatura do profesorado que imparte a materia e da persoa titora.